

Día das Bibliotecas

24 de outubro de 2024



Proposta experiencial con Arenaria



O persoal de Arenaria acudiu á escola para propoñernos unha actividade manipulativo-experimental con diferentes estacións de temática variada:

- peixes e moluscos
- froitas, tubérculos e legumes
- líquidos
- ciclo de vida

Algúns destes alimentos xa os soubemos con antelación e puidemos investigar nos ambientes sobre eles.

No caso dos moluscos a nosa investigación permitiunos facer conexión cos mares e océanos que bañan Galicia e Europa e investigamos sobre os Países Baixos xa que descubrimos que Galicia e os Países Baixos son os maiores produtores de mexilón a nivel mundial (e o de Galicia ten Denominación de Orixe)

4 ESTACIONES MANIPULATIVAS



OBSERVACIÓN-MANIPULACIÓN DE DIFERENTES PEIXES E MOLUSCOS



OBSERVACIÓN DE REACCIÓN AO MESTURAR DIFERENTES LÍQUIDOS



OBSERVACIÓN MICROSCÓPICA DA PEL/CASCA DE FROITAS, FROITOS SECOS E TUBÉRCULOS



ORDENACIÓN DO CICLO DE VIDA DE ANIMAIS E PRANTAS


As crianzas, organizadas en equipos de 5, rotaron polas diferentes estacións e puideron:

- observar con lupa e manipular peixes, calamares e mexilóns
- observar co microscopio como é a pel das froitas e legumes que comemos a diario
- mesturar diferentes líquidos comprobando as reaccións que se producen
- completar a secuencia do ciclo de vida de animais e plantas



Todas as imaxes desta proposta podedes velas no enlace da publicación.

Esta actividade encádrase dentro do Programa Jean Monnet 2024–2025.



**Cofinanciado pola
Unión Europea**

Financiado pola Unión Europea. As opinións e puntos de vista expresados só comprometen á(s) súa(s) autora(s) ou autor(es) e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou os da Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA). Nin a Unión Europea nin a EACEA poden ser considerados responsables deles.

